



Concello de Vigo
Expte. 4954/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 9/2025

SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE MAIO DE 2025

ORDE DO DÍA

1. **Actas anteriores:** Acta ordinaria do 28 de abril do 2025.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

2. Dar conta do Plan anual de control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2025. Expte. 103035/140 (4935/1101).

Mocións:

3. Moción do grupo municipal do BNG urxindo accións para frear o xenocidio en curso na Palestina. Expte. 4962/1101.
4. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia sobre medidas de apoio en educación infantil na cidade. Expte. Pleno 4958/1101.
5. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a publicar as achegas económicas en obras cofinanciadas por varias administracións. Expte. Pleno 4959/1101.
6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia ao incremento do financiamento do SAF. Expte. 4960/1101.

PARTE DE CONTROL

Mocións.



Copia do documento - Concello de Vigo
4993-1101

Data impresión: 16/07/2025 10:27

Páxina 1 de 31

CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

7. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre as bonificacións ao transporte urbano de Vigo. Expte. 4961/1101.

Resolucións.

8. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 22/04/25 e o 18/05/25, incluídas no expediente Pleno 4952/1101.
9. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 22/04/25 e o 18/05/25, incluídas no expediente Pleno 4956/1101.

10. Formulación de rogos.

11. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M.^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M.^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas (09:00) do día vinte e seis de maio do ano dous mil vinte e cinco (26/05/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.



Copia do documento - Concello de Vigo
4993-1101

Data impresión: 16/07/2025 10:27 | Páxina 2 de 31
CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

.- **Incidencia. A petición do grupo municipal do Partido Popular, e tralas intervención dos voceiros dos grupos políticos municipais, a Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria do vigués distinguido Sr. López Chaves, falecido recentemente, e por tódolos vigueses distinguidos falecidos.*

1.(74). ACTAS ANTERIORES: ACTA ORDINARIA DO 28 DE ABRIL DO 2025.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (27) da Corporación que a constitúen de dereito, aprobase a seguinte acta:

- Sesión núm. 8/2025 ordinaria, celebrada o 28/04/25

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2.(75). DAR CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2025. EXPTE. 103035/140 (4935/1101).

ANTECEDENTES: Dase conta do informe do Plan Anual de Control Financeiro, da viceinterventora e o interventor xeral, de data 30 de abril de 2025, que di o que segue:

TABOA DE CONTIDOS.

“ABREVIATURAS.....	3
I. INTRODUCCIÓN.....	4
II. OBXECTIVOS DO CONTROL FINANCEIRO.....	5
II.1. O CONTROL PERMANENTE.....	5
II.2. A AUDITORÍA PÚBLICA.....	5
II.2.1 A auditoría de contas,.....	5
II.2.1 A auditoría de cumprimento e a auditoría operativa,.....	5
III. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.....	6



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 3 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

IV. ÁMBITO SUBXECTIVO E ALCANCE DO CONTROL FINANCEIRO.....	7
IV.1 ÁMBITO SUBXECTIVO. DIFERENTES MODALIDADES DE CONTROL INTERNO E A SÚA APLICACIÓN AO SECTOR PÚBLICO LOCAL.....	7
IV.2 MEDIOS DISPOÑIBLES.....	9
V. ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO A REALIZAR NO ANO 2024.....	10
V.1 ACTUACIÓNS DE CONTROL PERMANENTE NON PLANIFICADO DERIVADAS DUNHA OBRIGA LEGAL.....	10
V.2. ACTUACIÓNS DE CONTROL PERMANENTE PLANIFICABLE DERIVADAS DUNHA OBRIGA NORMATIVA..	12
V.3. ACTUACIÓNS DE CONTROL PERMANENTE PLANIFICADO SOBRE A BASE DE ANALISE DE RISCOS.....	13
VI. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA.....	14
VII. PERIODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS.....	14
VIII. RESULTADO DO CONTROL FINANCEIRO.....	15
IX. MODIFICACIÓN DO PLAN.....	15
X. DESTINATARIOS DOS INFORMES.....	15

ABREVIATURAS

CFP.....	Control financeiro permanente
ICAC.....	Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas
IGAE.....	Intervención Xeral da Administración do Estado
IXM.....	Intervención xeral municipal
LRSAL.....	Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e Sostibilidade da Administración Local
LXS.....	Lei 38/2003 , de 17 de novembro, xeral de subvencións
PACF.....	Plan Anual do Control Financeiro
RDCI.....	Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
RTGX.....	Remanente de tesouraría para gastos xerais,

I. INTRODUCCIÓN

O control interno é un concepto que se estende á totalidade da xestión económico-financeira do Concello de Vigo e demais entidades integrantes do sector público local, e a cualificación de interno responde a que é un control exercido pola Intervención Xeral Municipal do Concello de Vigo (IXM), que se contrapón ao control externo, que é exercido por órganos independentes daquela, como son o Consello de Contas de Galicia e o Tribunal de Cuentas do Estado, dependentes do Parlamento de Galicia e das Cortes Xerais, respectivamente.

A función de control interno realízase na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia. A función exercerase con plena autonomía respecto dos órganos e entidades municipais e cargos directivos cuxa xestión se fiscalice, tendo completo acceso á contabilidade e a cantos documentos sexan necesarios para o exercicio das súas funcións.

O control financeiro da actividade económico-financeira do sector público local exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública. Ambas modalidades incluírán o control de eficacia,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 4 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que consistirá en verificar o grao de cumprimento dos obxectivos programados, do custo e rendemento dos servizos de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

O órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financeiro (en adiante PACF) que recollerá as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio. Incluírá todas aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obrigação legal e as que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

É preciso lembrar neste momento que en distintas ocasións púxose de manifesto a necesidade de dotar de mais medios persoais e materiais á Intervención Xeral para poder implantar as actuacións esenciais para a realización destes procedementos do control financeiro permanente coa debida dilixencia. Dende o ano pasado a Viceintervención adxunta ven desenvolver este control financeiro.

As actuacións previstas neste plan realizaranse pola Intervención xeral municipal a través dos traballos desenvolvidos por esta persoa, coa coordinación, dirección e supervisión do Interventor xeral. Como é previsible a dotación de medios condiciona o alcance e intensidade do control ~~inter~~ que se realizarán todas actuacións que sexa posible priorizando aquelas que a criterio do Interventor xeral estime mais relevantes. Dadas as circunstancias antes descritas (medios dispoñibles) fíxase como obxectivo realizar os traballos impostos pola normativa así como a o seguimento das cuestións postas de relevancia nos informes evacuados correspondentes con PACF 2024. Por parte desta intervención emitirase un informe sobre o grado de execución do presente plan unha vez finalizado o exercicio 2025.

II. OBXECTIVOS DO CONTROL FINANCEIRO.

Como xa se mencionou, o control financeiro da actividade económico-financeira do sector público local exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública.

II.1. O CONTROL PERMANENTE.

O control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora con obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financeira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental. A estes efectos, o órgano de control poderá aplicar técnicas de auditoría.

O exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, como as actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente PACF, seleccionadas sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

II.2. A AUDITORÍA PÚBLICA.

A auditoría pública consistirá na verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económico-financeira do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións que dite a Intervención Xeral da

1 - así se recolle na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Cuentas ao establecer no seu artigo 40.1 (Título IV, Responsabilidade contable) que a insuficiencia de medios persoais e materiais dispoñibles delimitan responsabilidades.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 5 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Administración do Estado (en adiante IGAE). A auditoría pública engloba, en particular, as seguintes modalidades:

II.2.1 A auditoría de contas,

Ten por obxecto a verificación relativa a se as contas anuais representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso, a execución do orzamento de acordo coas normas e principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada.

O órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais de:

- Os organismos autónomos locais.
- As entidades públicas empresariais locais.
- As fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola súa normativa específica.
- Os fondos e os consorcios aos que se refire o artigo 2.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril.
- As sociedades mercantís e as fundacións do sector público local non sometidas á obrigación de auditarse que se incluíron no plan anual de auditorías.

II.2.2 A auditoría de cumprimento e a auditoría operativa,

Nas entidades sector público local non sometidas a control permanente, co fin último de mellorar a xestión do sector público local no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedemental..

A auditoría de cumprimento ten como obxecto a verificación de que os actos, operacións e procedementos de xestión económico-financiera desenvólvense de conformidade coas normas que lles son de aplicación.

A auditoría operativa ten como obxecto o exame sistemático e obxectivo das operacións e procedementos dunha organización, programa, actividade ou función pública, co obxecto de proporcionar unha valoración independente da súa racionalidade económico-financiera e a súa adecuación aos principios da boa xestión, a fin de detectar as súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións oportunas en orde á corrección daquelas.

III. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

O control interno da xestión económica financeira das entidades locais atópase regulado fundamentalmente nos artigos 130, 133 e 136 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; nos artigos 213 a 222 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, coas modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; nos artigos 44 ao 51 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigos 41 ao 49 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; así como pola propia normativa do Concello de Vigo, fundamentalmente as Bases de Execución do Orzamento.

Finalmente, o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en Adiante RDCI), cuxa aprobación veu cumprir co mandato legal imposto por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e Sostibilidade da Administración Local, de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/07/2025 10:27

Páxina 6 de 31

4993-1101

CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

desenvolvemento regulamentario dos artigos 213 a 218 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e cuxa entrada en vigor produciuse o 1 de xullo de 2018, segundo establece a súa Disposición Final Segunda, para regular sobre os procedementos de control e metodoloxía de aplicación, co fin de, entre outros obxectivos, lograr un control económico orzamentario máis rigoroso e reforzar o papel da función interventora das Entidades Locais.

O artigo 29.4 do citado RDCI, establece ademais que no exercicio do control financeiro serán de aplicación as normas de control financeiro e auditoría pública vixentes en cada momento para o sector público estatal, como:

- A Resolución de 30 de xullo de 2015, da IGAE, pola que se ditan instrucións para o exercicio do control financeiro permanente.
- A Resolución de 30 de xullo de 2015, da IGAE, pola que se ditan instrucións para o exercicio da auditoría pública.
- A Resolución de 1 de setembro de 1998, da IGAE, pola que se ordena a publicación da Resolución que aproba as Normas de Auditoría do Sector Público.
- A Resolución de 15 de outubro de 2013, do ICAC, pola que se publican as novas Normas Técnicas de Auditoría, resultado da adaptación das Normas Internacionais de Auditoría para a súa aplicación en España (NIA-É).
- A Resolución de 18 de febreiro de 2014, da IGAE, sobre o proceso de adaptación das Normas de Auditoría do Sector Público ás Normas Internacionais de Auditoría.
- A Instrución 1/2015 da Oficina Nacional de Auditoría para a proposta e seguimento de medidas correctoras e a valoración dos plans de acción.
- A Resolución de 15 de outubro de 2013, do ICAC, pola que se publican as novas Normas Técnicas de Auditoría, resultado da adaptación das Normas Internacionais de Auditoría para a súa aplicación en España (NIA-É).
- A Resolución do 18 de febreiro de 2014, da IGAE, sobre o proceso de adaptación das Normas de Auditoría do Sector Público ás Normas Internacionais de Auditoría.
- A Instrución 1/2015 da Oficina Nacional de Auditoría para a proposta e seguimento de medidas correctoras e a valoración dos plans de acción.
- Outras Circulares, Resolucións, Instrucións ou Notas Técnicas aprobadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, en desenvolvemento do control financeiro e a auditoría pública.

IV. ÁMBITO SUBXECTIVO E ALCANCE DO CONTROL FINANCEIRO

IV.1 ÁMBITO SUBXECTIVO. DIFERENTES MODALIDADES DE CONTROL INTERNO E A SÚA APLICACIÓN AO SECTOR PÚBLICO LOCAL

O control será exercido polos órganos de intervención sobre a totalidade de entidades que conforman o sector público local: a Entidade Local e os organismos autónomos, sociedades mercantís, fundacións, fondos carentes de personalidade xurídica, consorcios e outras entidades, todos eles dependentes ou adscritos ás Entidades Locais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 7 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Atendendo ao contido no RDCI, o control interno aplícase nas súas diferentes modalidades segundo a natureza dos entes locais do que se trate. No Concello de Vigo, conforman o sector público local aos efectos da realización do control financeiro, o propio Concello de Vigo como entidade local principal e as seguintes entidades dependentes relacionadas no seguinte cadro que recolle esquematicamente tal aplicación:

Ámbito subxectivo (tipo de entidade)	Modalidade de control interno					
	Función Interventora	Control Financeiro				
		Control Permanente (auditoría)	Conta 413 ²	Auditoría Pública		
				De contas	Cumprimento	Operativa
Concello de Vigo (entidade local principal)	Obrigatoria	Obrigatorio	Obrigatoria	Non	Non	Non
Xerencia Municipal de Urbanismo (Organismo autónomo local)	Obrigatoria	Obrigatorio	Non	Obrigatoria	Non	Non
Marco (Fundación)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
Vigo Convention Bureau (Fundación)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
Liste-Museo Etnográfico de Vigo (Fundación, entidade dependente por control efectivo)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
Laxeiro (Fundación, entidade dependente por control efectivo)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
Vigo en Deporte (Fundación, entidade dependente por control efectivo)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)

A pesar de que, como dixemos, o RDCI establece a obrigatorioidade de realizar auditoría de contas nos organismos autónomos locais, a función contable sobre o organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo exercea o propio órgano interventor do Concello, que á vez está obrigado a realizar a auditoría de contas.

Neste caso poderíase dar o suposto de autocontrol, que de acordo coa norma técnica 4.2.2 das Normas de Auditoría do Sector Público, impediría, pola perda total de imparcialidade que isto supón, realizar esta auditoría de contas polo órgano interventor. Tamén o Tribunal de Cuentas no seu informe do 29 de outubro de 2009 fixa o criterio da imposibilidade legal que se audite a quen está a exercer a función contable. Por este motivo, entendemos que non procede realizar unha auditoría de contas na XMU, cando o órgano encargado da realización desta auditoría no exercicio do control interno é o mesmo que desenvolve a función de contabilidade.

Por outra parte, ningunha das Fundacións que forma parte do Sector Público Local “Concello de Vigo” ten a obriga de someter as súas contas anuais á auditoría externa conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 50/2002 de Fundacións, sen prexuízo de que a auditoría pode ser tamén un requisito fixado estatutariamente ou realizarse voluntariamente se así o requiren os seus patróns ou membros da fundación.

Como temos visto, o órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais das fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola súa normativa específica -no noso

2 A disposición adicional terceira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, baixo a rúbrica “Control de entidades de Administraciones Públicas no sujetas a auditoría”, establece que: “En las entidades de las Administraciones Públicas no sujetas a auditoría de cuentas se efectuarán anualmente los trabajos de control precisos para, mediante técnicas de auditoría, verificar la existencia de obligaciones derivadas de gastos realizados o bienes y servicios recibidos para los que no se ha producido su imputación presupuestaria”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 8 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

caso, ningunha-, así como a daquelas fundacións non sometidas á obrigação de auditarse que se incluíron en anteriores plans anuais de auditorías, nos que se tiveron en conta a conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, e de evitar repetir controis en actividades económico-financieiras cualificadas sen risco.

No PACF do ano 2020 incluíronse as auditorías das contas e de cumprimento do ano 2019 das Fundacións Marco, Liste e Laxeiro, e no PACF do ano 2021 as auditorías das contas e de cumprimento do ano 2020 das Fundacións Vigo Convention Bureau e Vigo en Deporte, de xeito que no transcurso de tres exercicios consecutivos (2019-2021) o modelo de control alcanzou o cento por cento do orzamento xeral consolidado mediante a aplicación das modalidades de función interventora e control financeiro, dando cumprimento ao disposto no parágrafo segundo do artigo 4.3 do RDCI considerouse non necesaria a realización de ningunha auditoría no ano 2022.

Por cuestións alleas a esta IXM e fundamentalmente pola falta de recursos persoais e materiais no exercicio 2023 non se fixeron auditorías. No pasado PACF 2024 estableceuse unha previsión de calendario de auditorías que emendara esta situación, prevendo incluír a auditoría de dous exercicios consecutivos para chegar a estabilizar dito desfase no exercicio 2026.

Calendario de auditorías 2025-2026 (previsión)

Auditoría de Contas Anuais, de Cumprimento e Operativa							
		Auditorías PACF 25			Auditorías PACF 26		
Entidade	Tipo de auditorías	Contas	Operativa	Cumprimento	Contas	Operativa	Cumprimento
Fundación Marco		2023-2024	2024	2024	2025		2025
Fundación Laxeiro		2023-2024	2024	2024			
Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo		2023-2024	2024	2024			
Fundación Vigo en Deporte					2023-2024	2025	2025
Fundación Vigo Convention Bureau					2023-2024	2025	2025

IV.2 MEDIOS DISPOÑIBLES

De acordo co RDCI, o órgano interventor deberá contar cos medios necesarios e suficientes para contar cun modelo de control eficaz. Ante a ausencia de medios técnicos e/ou humanos adecuados para a realización das auditorías públicas, o citado Real Decreto contempla a posibilidade da Entidade Local de contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións ditas polo órgano interventor, a cuxo efecto consignaranse nos orzamentos das Entidades Locais as contías suficientes para responder as necesidades de colaboración. Para conseguir a efectiva execución da previsión establecida no punto anterior estase a tramitar un “contrato de servizos profesionais de auditoría en colaboración coa IXM para a realización de actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións programadas dentro dos PACF.” (Exp.103028-140)

Se ben foron atendidos parte dos requirimentos feitos por esta Intervención Xeral en relación ao aumento da dispoñibilidade de recursos humanos coa creación e adxudicación do posto de Viceintervención adxunta para o desenvolvemento das preceptivas e necesarias funcións de control financeiro (aínda que sen ter creada unha diferenciación organizativa dentro da Intervención xeral), seguen a ser moi escasos os recursos dispoñibles mesmo para o exercicio da tradicional función interventora, normalmente, e coa excepción de determinadas tarefas que poderán ser executadas directamente cos medios dispoñibles, o Concello deberá contratar para colaborar nesta tarefa a firmas privadas de auditoría, que deberán axustarse ás instrucións ditas polo órgano interventor. Con todo, resulta necesario a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal que deberá ser dotado de medios técnicos e persoais,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 9 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

habida conta do carácter permanente das funcións a desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

V. ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO A REALIZAR NO ANO 2025.

V.1 ACTUACIÓNS DE CONTROL PERMANENTE NON PLANIFICADO DERIVADAS DUNHA OBRIGA LEGAL.

Podemos citar as seguintes actuacións cuxa realización polo órgano interventor deriva dunha obriga legal, agrupadas por Área de control, e que non planifícanse ao realizarse ao longo de todo o exercicio:

Área de estabilidade orzamentaria e endebedamento (TRLRFL; LOEOSF; Orde HAP/2105/2012; RD 1463/2007).

- ▢ Avaliación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade e do límite de débeda das liñas fundamentais do orzamento.
- ▢ Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite de débeda do proxecto dos orzamentos.
- ▢ Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e límite de débeda na liquidación dos orzamentos do conxunto das entidades que integran o sector público local e foran clasificadas como AA.PP. pola IGAE.
- ▢ Actualización trimestral do informe de intervención sobre cumprimento do obxectivo de estabilidade e límite de débeda; así como unha avaliación do cumprimento da regra de gasto ao peche do exercicio.
- ▢ Informe trimestral sobre a execución do plan de axuste.
- ▢ Verificación anual do cumprimento dos plans económico-financeiros.
- ▢ Verificación do cumprimento do plan económico-financeiro no exercicio anterior e orzamento vixente como requisito previo para a autorización de operacións de endebedamento.
- ▢ A emisión de informe previo á concertación ou modificación das operacións de crédito.
- ▢ Informe sobre as operacións de crédito a longo prazo dos organismos autónomos e sociedades mercantís.
- ▢ Avaliación do cumprimento do principio de prudencia financeira na concertación das operacións de endebedamento.

Área de morosidade e facturación electrónica.

- ▢ Información mensual relativa ao Período Medio de Pago.
- ▢ Seguimento do cumprimento do período medio de pago a provedores e formular, de ser o caso, a oportuna comunicación de alerta.
- ▢ Informe anual no que avaliarase o cumprimento da normativa en materia de morosidade.
- ▢ Auditoría de sistemas anual para verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren coas condicións de funcionamento previstas na Lei 25/2013 e a súa normativa de desenvolvemento.

Área de orzamentos, contabilidade e control.

- ▢ O informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes.
- ▢ A emisión de informe previo á aprobación da liquidación do Orzamento.
- ▢ Informe da prórroga do orzamento.
- ▢ Informe sobre as medidas a adoptar cando na liquidación do orzamento o remanente de tesourería sexa negativo.
- ▢ Informe sobre as normas da expedición de pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa.
- ▢ Informe acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica dos investimentos financeiramente sustentables financiados co superávit do exercicio precedente, e informe ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas dos investimentos executados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 10 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- ▢ Informe previo á revogación do acordo de redución de gastos do novo orzamento, adoptado en caso de liquidación do orzamento anterior con remanente de tesourería negativo.
- ▢ Informe resumo anual dirixido a a Intervención Xeral da Administración do Estado sobre os resultados do control interno respecto da xestión económica da entidade local.
- ▢ Informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente de a Entidade Local contrarios aos reparos efectuados polo órgano interventor, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos.
- ▢ Informe ao Tribunal de Contas sobre as resolucións e acordos adoptados pola presidencia da Entidade Local e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos.
- ▢ Informe ao Pleno sobre o resultado do control financeiro.

Área de competencias e servizos (Lei 7/1985 LRBRL modificada pola Lei 27/2013 LRSAL).

- ▢ Informe aos convenios de delegación formalizados antes e despois de entrada en vigor da LRSAL (31 de decembro de 2013).
- ▢ Informe para o exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas.
- ▢ Ditame sobre a procedencia da implantación de novos Servizos ou a reforma dos existentes a efectos da avaliación da repercusión económico-financeira e estabilidade orzamentaria das respectivas propostas.
- ▢ Informe do interventor no que valorará a sostibilidade financeira das propostas para xestionar os servizos públicos de competencia local mediante a forma de Entidade pública empresarial local ou Sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública.
- ▢ Informe relativo ao cumprimento dos principios previstos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira no caso de creación de entes de ámbito territorial inferior ao Municipio, carentes de personalidade xurídica, como forma de organización desconcentrada do mesmo para a administración de núcleos de poboación separados.
- ▢ Informe de avaliación da eficiencia económica e a sostibilidade financeira nos supostos de constitución de consorcios.
- ▢ Informe sobre as iniciativas populares, cando estas afecten a dereitos e obrigacións de contido económico do concello.
- ▢ Informe de Intervención sobre o exercicio de actividades económicas.
- ▢ Informe previo á aprobación do plan de corrección do desequilibrio financeiro das entidades vinculadas ás entidades locais que desenvolvan actividades económicas.
- ▢ Informe previo á autorización para destinar o patrimonio municipal do chan para reducir a débeda comercial e financeira.
- ▢ Informe de Intervención na determinación nas bases de execución dos criterios dereitos de difícil ou imposible recadación.
- ▢ Comunicación ao Ministerio de Facenda do detalle necesario para o mantemento Base de Datos Xeral de Entidades Locais e do Inventario de Entes do Sector Público Local.

Outras actuacións previstas na normativa vixente (RBEL, LXS, RD-Lei 17/2014).

- ▢ A emisión de informes, ditames e propostas que en materia económico-financeira ou orzamentaria fóronlle solicitadas pola presidencia, por un terzo dos Concelleiros ou Deputados ou cando se trate de materias para as que legalmente se esixa unha maioría especial.
- ▢ Informe sobre a inexistencia de débedas pendentes de liquidación na cesión gratuíta de bens.
- ▢ Informe ás bases reguladoras de concesión de subvencións.
- ▢ Envío de información á Base Nacional de subvencións.
- ▢ Remisión dos convenios subscritos entre as CCAA e EELL.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/07/2025 10:27

Páxina 11 de 31

4993-1101

CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

V.2. ACTUACIÓNS DE CONTROL PERMANENTE PLANIFICABLE DERIVADAS DUNHA OBRIGA NORMATIVA.

O PACF incluírá tamén as actuacións que derivadas dunha obriga normativa deben realizarse de xeito anual entre as que se atopan:

1. Avaliación do cumprimento da **normativa en materia de morosidade** (art. 12.2 da Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público)
2. Informe sobre obrigas pendentes de imputar ao Orzamento **Auditoría da Conta 413** (Disposición adicional terceira da Lei orgánica 9/2013, de 9 de setembro, de Control da débeda comercial no sector público).
3. As actuación de control financeiro sobre subvencións e axudas concedidas polos suxeitos que integran o sector público local, que se atopen financiadas con cargo aos seus orzamentos xerais (artigo 3.5 do RDCI e título III da Lei 38/2003 de xeral de subvencións). Pola categoría do risco e a obrigatoriedade de realizar este control, así como tendo en consideración o resultado das comprobacións resultantes obxecto de anteriores PACF, considerase procedente facer o control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou **auditoría de comprobación da aplicación das subvencións nominativas concedidas polo Concello de Vigo**, e a súa vez a comprobación e verificación da remisións de información obrigatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións.

No control financeiro dos expedientes de subvención seleccionados exercerase respecto de beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras e terá por obxecto verificar:

- a) O cumprimento por parte das beneficiarias e entidades colaboradoras das súas obrigacións na xestión e aplicación da subvención.
- b) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras.
- c) A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada por beneficiarios e entidades colaboradoras, foron financiadas coa subvención.
- d) O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.
- e) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por beneficiarios e entidades colaboradoras e que puidesen afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, á adecuada e correcta obtención, utilización, disfrute ou xustificación da subvención, así como á realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

Metodoloxía: Tendo en conta as subvencións concedidas de xeito nominativo polo Concello de Vigo, así como a súa importancia relativa no conxunto dos gastos desta natureza, as actuacións de control realizaranse sobre unha mostraxe das subvencións concedidas seleccionadas conforme aos seguintes criterios:

1. Do xestor de expedientes obterase unha relación dos expedientes tramitados baixo o procedemento Subvención en réxime de concorrencia competitiva aprobados no exercicio no 2023 e pagados, que contrarrestarase cos datos obrantes na BDNS, e sobre esa poboación e en consideración das concedidas por áreas, determinarase unha mostra representativa, correspondendo posteriormente ao órgano interventor o deseño e definición das probas de cumprimento na fase de planificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 12 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. O control financeiro realizarse sobre unha mostra que permita obter una evidencia de auditoría que proporcione unha base suficiente para fundamentar as conclusións formuladas, a que será determinada polo órgano interventor.
4. **Ingresos.** Considerando a obriga legal de realizar o control financeiro sobre os ingresos cando a fiscalización previa é substituída pola inherente á toma de razón en contabilidade, e á súa vez o risco inherente na tramitación das infraccións e sancións urbanísticas, neste plan recóllense as **actuacións encamiñadas a verificar a efectividade, control, liquidación e recadación das sancións por infraccións urbanísticas impostas no período 2020-2024.**

Metodoloxía: Partirase dos datos que sobre este tipo de expedientes consten na aplicación do xestor de expedientes, y en función do seu volume o órgano interventor decidirá si a comprobación incluírá todos os expedientes ou pola contra seleccionárase unha mostra representativa.

V.3. ACTUACIÓNS DE CONTROL PERMANENTE PLANIFICADO SOBRE A BASE DE ANALISE DE RISCOS.

O PACF incluírá tamén aquelas actuacións que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles (artigo 31.2 RDCI).

O concepto de risco debe ser entendido como a posibilidade de que se produzan feitos ou circunstancias na xestión sometida a control susceptibles de xerar incumprimentos da normativa aplicable, falta de fiabilidade da información financeira, inadecuada protección dos activos ou falta de eficacia e eficiencia na xestión.

Unha vez identificados os riscos será necesario asignar prioridades para seleccionar as actuacións para realizar. Desta maneira, realizarase unha avaliación para estimar a importancia do risco, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, e atenderase á conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, evitando tanto repetir controis en actividades económico-financeiras cualificadas sen risco como que se xeren debilidades precisamente pola ausencia reiterada de control. Todo isto á súa vez debe conxugarse coa disponibilidades de medios ao alcance da IXM.

A estes efectos incorpórase ao expediente o oportuno análise de riscos como documento ANEXO I. Logo desta análise de riscos e tendo en conta as limitacións en canto aos medios dispoñibles, procede seleccionar as seguintes actuacións:

Área de contratación (C)

Actuación **C1**: Control financeiro posterior **mediante técnicas de mostraxe ou auditoría dos contratos menores celebrados polo Concello de Vigo no exercicio 2024** ao estar este tipo de procedementos exentos de fiscalización previa, o ordenamento xurídico obriga á realización destas actuacións no control permanente, así como a comprobación das recomendacións feitas nos pasados informe de control financeiro sobre esta materia.

Actuación **C2**: Análise da relación entre o importe final dos contratos de obras maiores e importe de adxudicación.

VI. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA

Ata que se continúe a crear e dotar cos medios necesarios e suficientes o Servizo ou Oficina de Control Financeiro da Intervención Xeral Municipal, a Entidade Local deberá contratar para colaborar co órgano



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 13 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

intervenitor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ademais da normativa aplicable aos sector público ás instrucións ditadas polo órgano intervenitor.

As firmas de auditorías serán contratadas por un prazo máximo de dous anos, prorrogable nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público, non podendo superarse os oito anos de realización de traballos sobre unha mesma entidade a través de contratacións sucesivas, incluídas as súas correspondentes prórrogas, nin podendo aos devanditos efectos ser contratados para a realización de traballos sobre unha mesma entidade ata transcorridos dous anos desde a finalización do período de oito.

Agora ben, tendo en conta os prazos requiridos para a tramitación dun expediente de contratación de servizos a través dun procedemento aberto, a principios deste exercicio incoouse a tramitación do expediente 103028-140 de servizos de auditoría en colaboración coa IXM para este exercicio e os vindeiros de seguir. De cumprirse cos prazos dunha contratación por procedemento aberto, se debería poder adxudicar a finais do verán.

VII. PERIODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS

O cronograma das actuacións a realizar, conforme a este PACF é:

Actuacións	2025					2026				
	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec	xan	feb	mar
O.1 Cumprimento da normativa en materia de morosidade	P	C	IP				ID		ID	
O.2 Conta 413	P	C	IP				ID		ID	
C.1 Contratos menores		P	C	IP			ID			
C.2 Control da eficiencia na contratación maior de obras		P	C	IP			ID			
X.1 Efectividade, control, liq. E recadación sancións urb.				P	C	IP	ID			
S.1 Auditoría subvencións nominativas 2024 (*)					P	C	IP	ID		
F Auditorías de contas, operativas e de cumprimento Fundacións 2023-2024 (*)						P	C	IP	ID	
U.1 Auditorías de contas 2023-2024 da XMU (*)							P	C	IP	ID

(*) A consecución destas actuacións van depender da tramitación e adxudicación do contrato de servizos de colaboración de auditorías coa IXM

P

preparación

C

comprobación

IP, ID

elaboración informe provisional de resultados, e informe definitivo.

VIII. RESULTADO DO CONTROL FINANCEIRO

De acordo con artigo 35 do RDCI, o resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se exporán de xeito claro, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización na seguintes actuacións de control.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 14 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

IX. MODIFICACIÓN DO PLAN

O PACF poderá ser modificado, por esta IXM como consecuencia de:

- a realización de controis en virtude de solicitude ou mandato legal
- Variacións na estrutura das entidades obxecto de control
- insuficiencia de medios
- Outras razóns debidamente ponderadas:
 - Evolución dos factores de risco nas diversas áreas que fagan preciso activar actuacións de control continuo
 - Evitar duplicidades cos traballos de control realizados por outros órganos e institucións públicas.

X. DESTINATARIOS DOS INFORMES

O presente PACF así como as súas posibles modificacións, e os informes definitivos de control financeiro, que resulten das actuacións realizadas serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como a través deste último ao Pleno da corporación para o seu coñecemento. (Art 31.1, 31.4 e 36.1 do RDCI). A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

A información contable das entidades do sector público local e, no seu caso, os informes de auditoría de contas anuais, deberán publicarse nas sedes electrónicas corporativas.

Esta mesma información deberá remitirse á IGAE, para a súa integración no rexistro de contas anuais do sector público regulado no artigo 136 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, de conformidade coas instrucións que se diten respecto diso."

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 16 de maio de 2025, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do Plan Anual de Control Financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2025.

.- **Incidencia. Sendo as 09:50 h e en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

MOCIÓNS:

3.(76). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG URXINDO ACCIÓNS PARA FREAR O XENOCIDIO EN CURSO NA PALESTINA. EXPTE. 4962/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 15 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2025, número 4962/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

URXINDO ACCIÓNS PARA FREAR O XENOCIDIO EN CURSO NA PALESTINA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

“Petición urxente de axuda: Estamos morrendo. Os bombardeos israelís son implacables. As vítimas son as mulleres e os nenos. Non quedan lugares seguros. Sen comida, sen auga: a fame está espallándose rapidamente. Esta guerra en Gaza debe rematar. Por favor, fagamos que as nosas voces se escoiten antes de que o próximo ataque aéreo nos silencie”.

Esta mensaxe, publicada o pasado 19 de maio en redes sociais, polo xornalista Anas Al-Sharif desde o campo de refuxiados/as de Jabalia e acompañada dunha foto dunha crianza palestina chorando de desesperación, expresa o alcance da catástrofe humanitaria que se padece na faixa de Gaza a causa das accións xenocidas perpetradas polo Estado sionista de Israel.

Só un día despois, o subsecretario xeral adxunto da Organización das Nacións Unidas (ONU) para asuntos humanitarios, Tom Fletcher, alertaba de que de non entrar axuda humanitaria, após máis de dous meses de criminal bloqueo por parte de Israel, 14 mil bebés morrerían en 48 horas. A propia Organización Mundial da Saúde (OMS) xa advertiu de que “se a situación persiste, agárdase que preto de 71 mil nenos e nenas menores de cinco anos sufran desnutrición aguda nos vindeiros 11 meses”.

A cidade de Vigo, as viguesas e os vigueses, non podemos ficar indiferentes nin en silencio diante do alcance e consecuencias do xenocidio que está a desenvolver o Goberno de Israel contra da poboación palestina na faixa de Gaza, que xa provocou máis de 52.259 mortes das que máis de 15 mil foron nenos e nenas. Verificándose na práctica a advertencia lanzada polo secretario xeral das Nacións Unidas en novembro de 2023, poucas semanas despois do inicio da ofensiva militar, nas que alertaba de que Gaza estíbese a converter nun “cemiterio de crianzas”. Engádense, ademais, 117.416 persoas feridas e case 2 millóns de desprazadas á forza (o 90% da poboación). Aliás, 660 mil crianzas fican sen acceso á escola desde outubro de 2023.

Tal e como recolle a Axencia de Nacións Unidas para as persoas refuxiadas de Palestina en Oriente Medio (UNRWA), máis dous terzos (o 69%) da Faixa de Gaza atópase en zonas de exclusión, baixo ordes de desprazamento activas ou ambas as dúas, sendo arredor de 420 mil persoas as que teñen sido, novamente, desprazadas á forza, desde que Israel rompeu o cesar-o-fogo.

O bloqueo imposto por Israel, non só impide o acceso de axuda humanitaria, senón que provoca deliberadamente escaseza e un inasumíbel aumento, de entre o 150 e o 700%, dos prezos de alimentos e produtos esenciais para a subsistencia. E a destrución xeneralizada e practicamente total de de vivendas e infraestrutura crítica xerou aproximadamente 50 millóns de toneladas de entullos.

É por iso que de maneira reiterada a cidadanía de Vigo ten expresado con rotundidade o seu masivo rexeitamento a esta agresión xenocida contra o pobo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 16 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

palestino que supón un claro crime contra a humanidade de acordo ao Dereito internacional, tal e como sostén de maneira inequívoca o primeiro fiscal xefe da Corte Penal Internacional, Luis Moreno Ocampo.

Os bombardeos masivos (mesmo contra hospitais, convois de ambulancias, universidades ou campos de refuxiados), os cortes de subministros básicos como a luz, a auga potábel ou alimentos e medicamentos, ou o bloqueo no acceso de axuda humanitaria, en ningún caso poden ser entendidos como mecanismos de “lexítima defensa”. Son elementos dunha política de asedio xenocida que agravan a xa de por si durísima situación provocada polo bloqueo imposto á franxa de Gaza desde 2007 e que levou á ONU a considerar as condicións nese territorio como “impropias para sustentar vida humana”. Máis de dous millóns de seres humanos, que xa malvivían confinados en 365 km cadrados (3,5 veces o tamaño da nosa cidade) nunhas condicións económicas e sociais absolutamente deplorábeis, agora fano nunhas condicións infrahumanas e con serio risco de perder as súas vidas.

A absoluta prioridade é lograr un cesar-o-fogo inmediato e incondicional dos ataques ordenados polo goberno israelí contra a faixa de Gaza, así como a urxente apertura de corredores humanitarios seguros para poder asistir á poboación palestina.

Cómpre, ademais, iniciar un proceso de negociación política con respaldo internacional para procurar unha saída pacífica, xusta e estábel neste conflito que se basee no cumprimento das resolucións das Nacións Unidas. Neste sentido, é necesario abordar esta escalada no contexto do seu conflito histórico, no que Palestina sofre 75 anos de brutal ocupación baixo un sistema de auténtico apartheid, no que Israel incumpriu de forma reiterada e impune as resolucións da ONU (tanto da súa Asemblea Xeral como do seu Consello de Seguridade). Ao longo destas décadas Israel, non só impediu a existencia dun Estado palestino senón que ocupou os seus territorios (aproximadamente o 70% do territorio palestino desde 1948) mediante asentamentos de colonos -declarados ilegais segundo a resolución 2334 do Consello de Seguridade da ONU-, someteu a súa poboación a todo tipo de vexacións e maltratos, asasinou a dirixentes palestinos, meteu na cárcere a centos de persoas de xeito extraxudicial, levantou un muro da vergoña (declarado tamén ilegal), lanzou ataques que se saldaron con milleiros de persoas mortas e feridas e impuxo un brutal bloqueo á faixa de Gaza.

As Convencións de Xenebra de 1949 e os seus Protocolos Adicionais obrigan aos Estados a previr e sancionar o xenocidio e os crimes de guerra. Informes de organismos como a ONU (incluído o informe da relatora Francesca Albanese de novembro de 2024) documentan que Israel cometeu actos que poden cualificarse como xenocidio en Gaza, incluíndo ataques indiscriminados contra civís, bloqueo humanitario e desprazamento forzado. Ademais, o Tribunal Penal Internacional emitiu ordes de arresto contra altos cargos israelís por presuntos crimes de guerra e contra a humanidade, e a Corte Internacional de Xustiza (CIJ), (principal órgano xudicial da ONU), está a tramitar a denuncia contra o Estado de Israel por cargos de xenocidio polas súas accións na Faixa de Gaza.

Por ese motivo, é hora de que a denominada Comunidade Internacional actúe para poñer fin ao masacre contra o pobo palestino e facer cumprir a Israel as distintas resolucións sobre os territorios ocupados que de xeito sistemático vén incumprindo (sen ningunha consecuencia) e garantir o dereito do pobo palestino a dispor do seu propio Estado libre e soberano, así como a efectivización do dereito ao retorno das e dos refuxiados palestinos ao seu país. Con ese obxectivo deben actuar o conxunto de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 17 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

institucións e administracións, tamén a nivel municipal, despregando accións concretas e firmes.

Por todo o anterior, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1 Expresar en nome da cidade de Vigo o total rexeitamento e condena das accións xenocidas do Estado de Israel na faixa de Gaza e a demanda de paz e liberdade para o pobo palestino, esixindo o cumprimento das resolucións da ONU e do Dereito Internacional Humanitario e garantindo o seu dereito a dispor do seu propio Estado libre e soberano.
- 2 Declarar *persona non grata* a Benjamin Netanyahu e a todas as persoas que fan e/ou fixeron parte do seu gabinete gobernamental desde o 7 de outubro de 2023, pola súa responsabilidade na catástrofe humanitaria provocada en Palestina.
- 3 Instar ao Goberno español a:
 - 3.1Efectivizar o embargo total de armas, acordado polo Congreso, contra o Estado de Israel e aplicar de maneira estrita os tratados e convencións ratificadas polo Estado español para garantir o Dereito Internacional Humanitario.
 - 3.2Aplicar a inmediata suspensión ou bloqueo de calquera tipo de relación comercial e a ruptura de relacións diplomáticas co Estado xenocida, así como a apoiar de maneira activa as accións da Corte Internacional de Xustiza para que sexan xulgados os criminais de guerra e se poña fin á ocupación da Palestina.
 - 3.3Promover no seo da Unión Europea e a nivel internacional accións enérxicas para frear o xenocidio en curso na Palestina.
- 4 Instar á Xunta de Galiza a:
 - 4.1Suspender calquera cooperación, directa ou indirecta e en calquera ámbito, co Goberno de Israel ou entidades dependentes deste.
 - 4.2Despregar no ámbito da Acción Exterior unha ofensiva para denunciar o xenocidio en curso en Gaza.
 - 4.3Suspender de maneira inmediata e resolver todos os contratos públicos da Xunta de Galiza e os seus organismos e entidades dependentes con calquera empresa ligada, directa ou indirectamente, á industria militar e de defensa de Israel.
 - 4.4Colaborar no envío de axuda humanitaria para a atención da poboación palestina.
- 5 Instar ao Goberno municipal a:
 - 5.1Suspender calquera cooperación, directa ou indirecta e en calquera ámbito, co Goberno de Israel ou entidades dependentes deste.
 - 5.2Suspender de maneira inmediata e resolver todos os contratos públicos do Concello de Vigo con calquera empresa ligada, directa ou indirectamente, á industria militar e de defensa de Israel.
 - 5.3Colaborar no envío de axuda humanitaria para a atención da poboación palestina."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 18 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con vinte e dous (22) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; mais dos membros do grupo municipal Socialista (19), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.05.25 (Rex. Nº 4962/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, *“Urxindo accións para frear o xenocidio en curso na Palestina”* cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** *Sendo as 9:54 horas, auséntase da sesión plenaria o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión a Primeira Tenente de Acalde, Sra. Silva Rego. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

4.(77). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA SOBRE MEDIDAS DE APOIO EN EDUCACIÓN INFANTIL NA CIDADE. EXPTE. PLENO 4958/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2025, número 4958/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Xunta de Galicia ven realizando, nos últimos cursos, unha política educativa de recortes, no que se refire á educación infantil, que é a primeira etapa da educación e de escolarización para as nenas e nenos de tres anos de idade.

A Lei Orgánica do Dereito á Educación recoñece este dereito á escolarización e o integra no dereito constitucional á educación posto que se establece, como obxectivo, o desenvolvemento afectivo, a xestión emocional, a comunicación, a linguaxe e as pautas de convivencia como piares desta etapa de escolarización.

Ademais, o artigo 15 da Lei Orgánica do Dereito á Educación establece que *“Las Administraciones públicas incrementarán progresivamente la oferta de plazas públicas en el primer ciclo con el fin de atender todas las solicitudes de escolarización de la población infantil de cero a tres años”*.

Este mandato dunha Lei Orgánica non só se deixa sin efecto ao non incrementar a oferta pública senón que tamén se fai reducindo a oferta da concertada. Se o curso foi o CEIP García Barbón o que sufriu o ataque da Xunta de Galicia, e antes foi Navia, o vindeiro curso será a Compañía de María quen sofre os recortes e a arbitrariedade dos responsables da Consellería de Educación na cidade e na provincia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 19 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Así é, Vigo sempre é o obxecto dos ataques da Xunta de Galicia e o que sofre un agravio comparativo co norte da Comunidade Autónoma posto que, en Ferrol, sí se ampliou un grupo cuarto de educación infantil (tamén para nenos de tres anos) nun centro no que a demanda superaba á oferta. É dicir, no norte se aplica un criterio distinto que no sur ou é que se responde ou representa a intereses distintos....

En Vigo, a cidade mais poboada de Galicia, se recorta a oferta para a demanda existente ante a perplexidade da comunidade educativa que ve como o Partido Popular, que defende o dereito a elección do centro educativo, priva a vinte familias do centro da súa elección, en pleno proceso de escolarización, sen comunicación aos solicitantes de praza, modificando o procedemento de escolarización e ata o concerto educativo pola vía dos feitos e á marxe do dereito, e xerando indefensión nun procedemento, ademais de alterando os criterios que foron tidos en conta polos proxenitores que elixiron un centro educativo.

Podería pensarse que son só vinte nenos e nenas pero é que esta situación afectou a sesenta escolares en pleno proceso de matrícula coa excusa dos ratios, que sí permiten solucións en Ferrol que non aplican en Vigo, botandolle a culpa ao Colexio e sen que existan motivos razoables que o xustifiquen. Hai que recordar que a Xunta de Galicia devolveu 23 millóns de euros de Fondos EU para escolas infantís porque.... non se axustaban ao seu modelo educativo.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS

Primeiro. A reposición inmediata das prazas de educación infantil, tanto na ensinanza pública como na concertada, que foron obxecto de recortes neste ano e nos anteriores.

Segundo. O rexeitamento á actitude do Conselleiro de Educación que acordou o recorte de prazas, e a devolución de 23 millóns de euros de Fondos Europeos adicados a educación infantil.

Terceiro. A construción de centros escolares públicos que palíen a ausencia de horarios amplos de conciliación familiar e de escolarización en todas as etapas educativas, e reformas necesarias en centros tales como Celso Emililo Ferreiro e Chans Bembrive."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Abalde Comesaña, solicita a votación por puntos, que é aceptada polo concelleiro ponente da moción, Sr. Aneiros Pereira..

VOTACIÓN DO PUNTO PRIMEIRO: Con dezaioito votos (18) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; tres abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 20 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, queda aprobado o primeiro punto do acordo transcrito na parte dispositiva.

VOTACIÓN DO PUNTO SEGUNDO: Con vinte e un votos (21) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (18), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis os dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, queda aprobado o segundo punto do acordo transcrito na parte dispositiva.

VOTACIÓN DO PUNTO TERCEIRO: Con vinte e un votos (21) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (18), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis os dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, queda aprobado o terceiro punto do acordo transcrito na parte dispositiva.

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.05.2025 (Rex. Nº 4958/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, *“Sobre medidas de apoio en educación infantil na cidade”*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

5.(78). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A PUBLICAR AS ACHEGAS ECONÓMICAS EN OBRAS COFINANCIADAS POR VARIAS ADMINISTRACIÓNS. EXPTE. PLENO 4959/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2025, número 4959/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A obra que se vén realizando na Avenida Galicia, vía competencia da Xunta de Galicia, pon ao descuberto unha vez máis o incumprimento do goberno galego, en canto a publicitar as achegas que cada Administración realiza nas obras que contan con apoio económico doutras Administracións.

En concreto, na actuación da Avda. de Galicia, a Xunta só achega 2,5 millóns de euros, fronte aos máis de 4 millóns que achega o goberno central (procedentes de fondos europeos) e 1,5 millóns achegados polo Concello de Vigo.

Son moitos os carteis que informan desta actuación e das súas características. En todos eles unicamente figuran os logos da Xunta de Galicia, omitindo a participación doutras Administracións, algo moi grave dado que a Xunta de Galicia ten a obrigaón de facelo figurar, o que supón unha ilegalidade e unha absoluta falta de transparencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 21 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Esta actitude que o goberno de Rueda vén practicando de forma reiterada, é un desprezo absoluto á lealdade institucional á que está obrigado o goberno de Galicia

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a cumprir coas súas obrigacións legais, á hora de informar á cidadanía de Vigo das Administracións Públicas que participan economicamente en actuacións desenvolvidas pola Xunta, no termo municipal de Vigo. Inserindo en todos os carteis e calquera outro tipo de información, as Administracións Públicas que con financian as actuacións e a achega económica de cada unha delas.”

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 22 de maio de 2025, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 4963/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font. poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular.

VOTACIÓN: Con dezaioito votos (18) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; tres abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.05.2025 (Rex. Nº 4959/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, *“Instando á Xunta de Galicia a publicar as achegas económicas en obras cofinanciadas por vaías administracións”*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

6.(79). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA AO INCREMENTO DO FINANCIAMENTO DO SAF. EXPTE. 4960/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2025, número 4960/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 22 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“A aprobación no ano 2006 da Lei de Dependencia por parte do Goberno de España, presidido por José Luis Rodríguez Zapatero supuxo un fito histórico na ampliación do Estado do Benestar en España e supuxo, sen dúbida, un grande avance no sistema de protección social en España.

A Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a Persoas en situación de dependencia, recolle un sistema de financiamento específico, que establece a participación tanto da Administración Xeral do Estado como das Comunidades Autónomas, como das propias persoas beneficiarias das prestacións, mediante un sistema de copago, equitativo e xusto.

Como dispón con carácter xeral o artigo 11 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, correspóndelle ás Comunidades Autónomas “xestionar no seu ámbito territorial, os servizos e recursos necesarios para a valoración e atención á dependencia”.

Nomeadamente, o Servizo de Axuda no Fogar é un dos recursos de atención ás persoas dependentes máis demandados, con máis de 24.600 usuarios en toda Galicia. Aínda que a competencia é da Xunta de Galicia, a súa xestión foi derivada aos Concellos, sen o financiamento axeitado, tal e como teñen denunciado, reiteradamente, os Concellos de Galicia.

De feito, a súa xestión e financiamento ven imposta aos Concellos en virtude da Lei 13/2008, de 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia e do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A este respecto, lembrar, que a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, no seu artigo 1.3. establece que no caso de que a administración autonómica decida atribuír competencias propias aos Concellos os anteproxectos das leis deberán ir acompañados dunha memoria económica elaborada pola consellería competente por razón da materia, na que se reflicta o impacto da nova atribución de competencias sobre os recursos financeiros das administración públicas.

Os Concellos temos asumido ao longo destes case 13 anos todos os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, sen que a Xunta de Galicia teña cumprido a estrita legalidade.

Concretamente, o Concello de Vigo, ten incrementado ano a ano o importe deste contrato nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia, asumindo en solitario todos os incrementos sucesivos do prezo/hora. No ano 2012 o prezo hora do servizo era de 13,31 euros, namentres que na última adxudicación do servizo o prezo hora incrementouse ata os 16,69 euros/hora, o que supón un incremento do gasto do servizo de case 1,5 millóns de euros, incremento integramente asumido polo Concello de Vigo. No actual proceso de licitación en marcha, o prezo estimado do contrato, derivado do cumprimento estrito dos convenios colectivos e dos incrementos salariais para garantir os dereitos das persoas traballadoras, será en torno aos 24,7 euros/hora, dos que a Xunta de Galicia só aboará 12 euros (cos fondos recibidos polo Goberno de España).

Desde xeito, o financiamento porcentual da Xunta de Galicia desta competencia de titularidade autonómica, lonxe de se incrementar, redúcese drasticamente, sendo os



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 23 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

concellos os que teñen incrementar notablemente a súa aportación ao financiamento desta xestión transferida pola lei autonómica.

O Goberno de España, para reverter os recortes salvaxes dos Gobernos do PP en Dependencia, aprobou un Plan de Choque á Dependencia cunha inxección de máis de 3.600 millóns de euros, para o incremento do financiamento do Servizo de Axuda no Fogar e outras medidas, que inclúe unha suba das contías do nivel mínimo e a recuperación do nivel acordado no seu día.

A Conselleira de Política Social, reiteradamente interpelada por esta cuestión urxente por parte dos Concellos e a FEGAMP, ven de declarar hoxe mesmo, que se trata dunha dunha “competencia municipal” e acusa ao goberno de Vigo de ter lista de agarda en Dependencia.

Diante destas irresponsables e falsas declaracións, e dado que foi interpelada en reiteradas ocasións por parte do Concello de Vigo, en defensa dos intereses das persoas dependentes do Concello de Vigo, o Grupo Municipal Socialista, presenta a seguinte

ACORDOS

- Instar á Xunta de Galicia a que incremente o financiamento do Servizo de Axuda Fogar competencia da súa titularidade exclusiva e que xestionan os concellos, por mandato legal da Xunta de Galicia, de modo que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se poda prestar este servizo coa máxima calidade para as persoas usuarias do servizo e coas mellores condicións de traballo para as persoas profesionais do dito servizo, máxime tendo en conta as inxeccións extraordinarias recibidas do Plan de Choque do Goberno de España, para reverter os recortes dos gobernos do PP.
- Lembrar á Xunta de Galicia a obriga legal de que calquera competencia transferida ou delegada, neste caso aos concellos, deberá contar co financiamento axeito para o exercicio da competencia, non sendo así o caso.”

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 22 de maio de 2025, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 4964/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular.

VOTACIÓN: Con vinte e un votos (21) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (18), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis os dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 24 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.05.2025 (Rex. Nº 4960/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, “*Instando á Xunta de Galicia ao incremento do financiamento do SAF*”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** *Auséntase da sesión plenaria o concelleiro, Sr. Estévez Rodríguez, do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

PARTE DE CONTROL

MOCIÓN.

7.(80). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE AS BONIFICACIÓNS AO TRANSPORTE URBANO DE VIGO. EXPTE. 4961/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2025, número 4961/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE ÁS BONIFICACIÓNS AO TRANSPORTE URBANO DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na data de 29 de xaneiro de 2025 foi publicado no BOE o Real Decreto -ley 1/2025 de 28 de xaneiro polo que se aproban medidas urxentes en materia económica, de transporte, de Seguridade Social e para facer fronte a situacións de vulnerabilidade.

O artigo 4 do mencionado texto legal establece un sistema de axudas directas no período do 1 de xullo ao 31 de decembro para a concesión de apoio financeiro as comunidades autónomas e entidades locais que presten servizo de transporte terrestre colectivo e interurbano

En relación a Vigo a contía das axudas e descontos aplicables contempla:

- a) gratuidade a poboación infantil aos menores de 15 anos
- b) desconto do 50% do importe da tarifa para os perfís Xove da tarxeta PASSVIGO “Estudante” e “Universitario” (entre 15 e 30 anos)
- c) desconto do 20% do importe da tarifa para o resto de usuarios da PASSVIGO

Aínda que esta nova achega do Estado trae unha medida positiva como é a gratuidade total dos billetes para a poboación infantil ata os 14 anos, tamén implica unha suba do billete na tarifa “Normal” da PASSVIGO.

A partires do 1 de xullo custará 11 céntimos máis, pasando dos 56 aos 67 céntimos, o que representa un incremento dun 16%.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 25 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tamén se encarecerá a PASSVIGO “Social”. No seu caso se incrementará en 9 céntimos (+19%) pasando dos 46 aos 55 céntimos. O que aínda é máis grave logo da vulnerabilidade económica que sofren estes usuarios.

Unhas subas nun contexto no que o billete do transporte urbano de Vigo xa é o máis caro de Galicia e un dos máis de España e que ten experimentado neste 2025 un incremento do 4%, moi por riba do IPC. Mentres o servizo que presta a concesionaria cada día é peor, con menos rutas e frecuencias.

Diante desta decisión do Goberno de España de rebaixar a súa achega dun 30% a un 20% no segundo semestre do ano para as tarifas “Normal” e “Social” compre que o Concello asuma esa diferenza de xeito que o prezo do billete de Vitrasa permaneza estable para todos os usuarios da PASSVIGO ata finais de ano.

Unha medida que apenas lle suporía ás arcas municipais unha achega extraordinaria de aproximadamente 600.000 euros.

Máis tamén compre profundar neste apoio aos usuarios do transporte urbano máis aló do próximo 31 de decembro no caso de que o goberno do Estado decida non seguir prorrogando estas axudas no 2026.

O obxectivo é consolidar estes descontos no billete do autobús urbano máis aló para seguir promovendo o uso do transporte colectivo como alternativa ao vehículo privado. Trátase de apostar por unha mobilidade máis sostible, facendo máis atractivo o uso do autobús urbano con tarifas accesibles para todos. É o mellor xeito de investir os impostos dos vigueses.

Por todo o dito demandamos ao Pleno da Corporación de Vigo a adoptar os seguintes

ACORDOS:

1º.- Instar ao Concello de Vigo a asumir con recursos propios o 10% da subvención ao transporte urbano que deixa de achegar o Goberno de España á tarifa “Normal” e á tarifa “Social” da PASSVIGO entre o 1 de xullo e o 31 de decembro do presente ano 2025.

2º.- Instar ao Concello de Vigo a consolidar con recursos propios de xeito permanente a partir do 1 de xaneiro do 2026 a gratuidade das viaxes dos menores de 15 anos no transporte urbano de Vigo no caso de que o Goberno de España non prorrogue a devandita axuda.

3º.- Instar ao Concello de Vigo a proceder á gratuidade total da PASSVIGO “Social” con recursos propios con carácter permanente a partir do 1 de xaneiro de 2026

4.- Instar ao Concello de Vigo a consolidar con recursos propios con carácter permanente a partir do vindeiro 1 de xaneiro de 2026 a bonificación do 50% do billete da PASSVIGO “Estudante” e “Universitario”, entre os 15 e os 30 anos, no caso de que o Goberno de España non prorrogue a devandita axuda.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 26 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con cinco (5) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; tres abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e dezasete (17) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.05.2025 (Rex. Nº 4961/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, “Sobre as bonificacións ao transporte urbano de Vigo”, e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

RESOLUCIÓN.S.

8.(81). DAR CONTA DE RESOLUCIÓN.S DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 22/04/25 E O 18/05/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE PLENO 4952/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 22/04/25 e o 18/05/25, incluídas no expediente 4952/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

9.(82). DAR CONTA DE RESOLUCIÓN.S ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 22/04/25 E O 18/05/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE PLENO 4956/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 22/04/25 e o 18/05/25, incluídas no expediente 4956/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

10. FORMULACIÓN DE ROGOS.

10.1(83). Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «Que o Goberno municipal atenda as queixas da veciñanza de Coia e, singularmente das rúas Caldas, Bueu e Moaña, que desde hai anos denuncian o estado ruinoso de beirarrúas e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 27 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

escaleiras públicas, o deficiente mantemento e limpeza das zonas axardinadas e mesmo a existencia de fugas de augas fecais a poucos metros de vivendas»

10.2.(84). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Rogamos que o goberno municipal informe con rigor dos prazos legais nos que está previsto executar a reforma integral de Avda. de Madrid, logo da manifesta contradición entre as manifestacións reiteradas do alcalde asegurando que a mesma vai durar 23 meses e o indicado no prego de condicións e no contrario, nos que figuran 12 meses»

11. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

11.1.(85). Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «¿Cal é o motivo polo que o Goberno municipal eliminou expresamente a referencia á atención á diversidade tanto na exposición de motivos, como no apartado de obxecto das subvencións, e nas áreas de prioridade establecidas polo Servizo de Igualdade, na convocatoria de subvencións da concellaría de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro deste ano 2025, referencias que si existían nas convocatorias similares de anos anteriores?»

11.2.(86). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martin Peña. «¿Cal é o motivo polo que este ano non se está a celebrar o Festival Terraceo, logo que o nao pasado este goberno lle concedese licenza extraordinaria despois de catro anos celebrándose de xeito irregular»

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario maio 2025
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 26 de Mayo de 2025 09:05:29
Fecha Fin : Lunes, 26 de Mayo de 2025 11:18:36
Duración : 02:13:07

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3562

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 1.7 GiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/Iivl3tBVDvmwtmSQNmt0oFoEZMeCifiGeFIRNVdwpYdaR2Kf.wmv>
SHA512 - adddf9f95837099eb5addbac44c36de3f48f3f1c3d0f289be9d456cac555a446db8e3d13abc363a56c283ce1c8894c2f0df8ca5562f96c5cb35d9f7b33c6dc5a

- Media (PROXYS)

(no disponible)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 28 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Silva Rego, Carmen; Interventor; Secretario; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
- 00:01:24 - Caballero Álvarez, Abel
00:02:40 - Martín Peña, José Miguel
00:03:00 - Caballero Álvarez, Abel
00:03:06 - Pérez Iglesias, Xabier
00:04:14 - Caballero Álvarez, Abel
00:04:18 - López Font, Carlos
00:04:57 - Caballero Álvarez, Abel
00:05:08 - -Minuto de silencio en memoria de Juan Manuel López Chaves e todos e todas as viguesas distinguidas-
- 00:06:15 : 1. Actas anteriores: Acta ordinaria do 28 de abril do 2025.
- 00:06:24 : 2. Dar conta do Plan anual de control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2025. Expte. 103035/140 (4935/1101).
00:06:46 - Aneiros Pereira, Jaime
00:11:31 - Caballero Álvarez, Abel
00:11:36 - Pérez Iglesias, Xabier
00:16:23 - Caballero Álvarez, Abel
00:16:49 - García González, Patricia
00:21:56 - Caballero Álvarez, Abel
00:22:05 - Aneiros Pereira, Jaime
00:25:02 - Caballero Álvarez, Abel
00:25:19 - -Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia machista-
- 00:26:34 : 3. Moción do grupo municipal do BNG urxindo accións para frear o xenocidio en curso na Palestina. Expte. 4962/1101.
00:26:48 - Pérez Iglesias, Xabier
00:31:32 - Caballero Álvarez, Abel
00:31:36 - Martín Peña, José Miguel
00:35:49 - Caballero Álvarez, Abel
00:35:55 - López Font, Carlos
00:40:00 - Pérez Iglesias, Xabier
00:43:02 - Caballero Álvarez, Abel
00:44:14 - Votación [9:49:45]
- 00:44:48 : 4. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia sobre medidas de apoio en educación infantil na cidade. Expte. Pleno 4958/1101.
00:45:33 - Aneiros Pereira, Jaime
00:50:50 - Silva Rego, Carmen
00:51:14 - Abalde Comesaña, Filipe
00:56:10 - Silva Rego, Carmen
00:56:15 - Benavides Alonso, Daniel
01:01:40 - Silva Rego, Carmen
01:02:37 - Aneiros Pereira, Jaime



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/07/2025 10:27

Páxina 29 de 31

4993-1101

CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 01:05:41 - Silva Rego, Carmen
01:06:04 - Votación [10:11:35]
- 01:08:07 : 5. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a publicar as achegas económicas en obras cofinanciadas por varias administracións. Expte. Pleno 4959/1101.
- 01:08:36 - López Font, Carlos
01:13:43 - Silva Rego, Carmen
01:13:48 - Pérez Iglesias, Xabier
01:18:45 - Silva Rego, Carmen
01:20:45 - Gonzalez Abeijón, Fernando
01:25:36 - Silva Rego, Carmen
01:25:47 - López Font, Carlos
01:28:48 - Silva Rego, Carmen
01:29:06 - Votación [10:34:35]
- 01:29:31 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia ao incremento do financiamento do SAF. Expte. 4960/1101.
- 01:29:46 - Aguiar Castro, Yolanda
01:34:56 - Silva Rego, Carmen
01:35:08 - Martínez Piñeiro, Ana
01:40:05 - Silva Rego, Carmen
01:40:12 - Gonzalez Abeijón, Fernando
01:40:57 - Silva Rego, Carmen
01:41:06 - Gonzalez Abeijón, Fernando
01:42:06 - Silva Rego, Carmen
01:42:14 - Gonzalez Abeijón, Fernando
01:45:20 - Silva Rego, Carmen
01:45:36 - Aguiar Castro, Yolanda
01:48:39 - Silva Rego, Carmen
01:49:00 - Aguiar Castro, Yolanda
01:49:05 - Silva Rego, Carmen
01:49:11 - Votación [10:54:41]
- 01:49:31 : 7. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre as bonificacións ao transporte urbano de Vigo. Expte. 4961/1101. Resolucións.
- 01:49:42 - Martín Peña, José Miguel
01:54:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:54:37 - Pérez Iglesias, Xabier
01:59:39 - Silva Rego, Carmen
01:59:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:04:46 - Silva Rego, Carmen
02:04:55 - Martín Peña, José Miguel
02:07:55 - Silva Rego, Carmen
02:08:04 - Votación [11:13:33]
- 02:08:37 : 8. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 22/04/25 e o 18/05/25, incluídas no expediente Pleno 4952/1101.
- 02:08:54 : 9. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 22/04/25 e o 18/05/25, incluídas no expediente Pleno 4956/1101.
- 02:09:13 : 10. Formulación de rogos.
02:09:20 - Abalde Comesaña, Filipe
02:09:49 - Silva Rego, Carmen
02:10:01 - Martín Peña, José Miguel
02:10:22 - Silva Rego, Carmen
02:10:30 - Silva Rego, Carmen
- 02:10:34 : 11. Formulación de preguntas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 30 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

02:10:39 - Martínez Piñeiro, Ana
 02:11:06 - Silva Rego, Carmen
 02:11:18 - Iglesias González, Ana Laura
 02:12:11 - Silva Rego, Carmen
 02:12:28 - Martín Peña, José Miguel
 02:12:41 - Silva Rego, Carmen

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e dezaoto minutos (11:18) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 9/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.
 am.

A PRESIDENCIA
 M^a del Carmen Silva Rego
 Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
 Jose Villán Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:27	Páxina 31 de 31
4993-1101	CSV: A1A286-3C3435-52BE55-FW9DEB-VGKBRN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		